

Cuestión teórica nº 12

Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía).

Nesta pregunta o alumnado deberá explicar a evolución demográfica e económica experimentada polo territorio nos séculos XVI e XVII, poñéndoa en relación coas características da agricultura e os efectos da introdución do millo, e salientando as crecentes desigualdades existentes entre a Galicia interior e unha Galicia litoral con importante actividade pesqueira. Os caracteres da estrutura social e a conversión da fidalguía no grupo rendista máis representativo serían outras das cuestións que terían que abordar na resposta.

A resposta básica debe incidir nas seguintes cuestións:

- A evolución demográfica
- As transformacións da agricultura: os efectos da introdución do millo
- A importancia da pesca na Galicia litoral
- A estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía.

Para ter cualificación de notable ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe explicar cunha certa profundidade polo menos unha delas. Para sobresaliente, ademais de facer referencia ás cuestións básicas, debe afondar nunha ou explicar con certa profundidade polo menos dúas delas.

Como case toda Europa, **Galicia continuou a ser basicamente agraria e rural**. A paz interior e as repercusións iniciais da expansión imperial da monarquía tiveron efectos demográficos e económicos beneficiosos en Galicia. Durante o século XVI **a poboación galega medrou**: en 1591 había uns 630.000 habitantes; entre 1580 e 1630, retroceso; e entre 1630 e 1750 duplicouse a poboación debido a introdución de novos cultivos na segunda metade do século XVII e a xeneralización desta e doutras melloras na agricultura durante a primeira parte do século XVIII.

Tamén houbo **prosperidade de artesáns e comerciantes nas cidades durante o século XVI** por mor das posibilidades do comercio con América, ata 1573, que se anulou por presións de Sevilla, a produción de madeira para a Armada real e a exportación de viño do Ribeiro, ata finais do século XVI. **No século XVII produciuse a decadencia dos sectores produtivos urbanos**, por mor da decadencia da monarquía, das graves crises monetarias e da contracción das exportacións.

No século XVI a actividade pesqueira acadou un grande desenvolvemento pola pesca de baleas e a exportación de peixe salgado, curado e en escabeche a Castela, Portugal, países do Mediterráneo e á Europa atlántica. En Pontevedra xurdiu o gremio de mareantes e apareceron a dorna (embarcación característica das Rías Baixas) e outras actividades como a recolección de argazo para fertilizante das terras ou a extracción do sal. Todo isto redundou na consolidación da actividade pesqueira e mariñeira. Máis no século XVII principiou a decadencia: os desastres navais (sobre todo o da Armada Invencible), a perda de hexemonía de Castela e a longa guerra con Portugal afectou gravemente aos pescadores: os pobos mariñeiros sumíronse na miseria que os levou á alternancia coa agricultura. Por todos lados se debían de ver esqueletos de barcos varados que verdeaban de algas ao sol na baixamar.

O **crecemento cuantitativo da produción agraria** durante o século XVI mantivo as técnicas e os tipos de cultivos tradicionais. Ata 1560-80 mantívose o sistema tradicional de produción feudal baseado no cultivo de cereais (trigo e centeo) e no barbeito, que permitiu o crecemento da poboación. A partir desas datas, o desequilibrio entre poboación e recursos favoreceu a aparición das crises de subsistencia, con malas colleitas, fames e pestes. Estas dificultades estimularon a transformación do sistema de cultivo. Dende a costa e cara ao interior, foise extendendo o cultivo do millo, produto procedente de América que alterou o sistema de rotacións, diminuíndo o barbeito. Estes cambios permitiron un forte crecemento da produción e da poboación; esta situación contrastaba co panorama negativo do século XVII no resto de Europa.

Pero os fenómenos máis decisivos no mundo rural afectaron aos modos de distribución do produto agrario e a conseguinte remodelación social. Dunha banda, **o foro consolidouse** coma o tipo de contrato principal. O foro era unha forma de cesión da terra a longo prazo a cambio do cal os grandes propietarios recibían das familias campesiñas renda fixa ou proporcional. Era o principal elemento articulador da sociedade rural galega, o que non impediu a presenza importante dos arrendamentos e apazarías nalgunhas zonas.

Apareceu asemade un **novo grupo social** entre os grandes dominios eclesiásticos e os campesiños foreiros: **a fidalguía intermediaria**. En efecto, moitos membros da baixa nobreza aforábanlles aos mosteiros aldeas ou lugares enteiros e logo subaforábanos por partes a unha ou a varias familias campesiñas. A base principal da súa economía era a diferenza entre a renda que obtiñan dos campesiños e a que lles pagaban aos titulares eclesiásticos do dominio.

As **grandes novidades sociais** respecto da época medieval foron a **consolidación da fidalguía intermediaria e a decadencia da alta nobreza galega**, en parte afastada da terra para lle servir á monarquía e en parte desaparecida pola súa absorción matrimonial por outras grandes casas nobres de fóra de Galicia. A sociedade galega fica estruturada en tres grupos maiores (clero, fidalguía e campesiñado) e grupos menores de carácter urbano (artesáns, comerciantes e profesionais).

Dende o punto de vista xurídico, a sociedade dividíase, como en case toda Europa, en **estamentos**. Dous, **nobreza e clero**, gozaban de numerosos **privilexios**: exención no pagamento de impostos, foros especiais, monopolio no acceso

a determinados cargos políticos, militares e eclesiásticos ... O **terceiro estamento**, a meirande parte da poboación, tanto urbana como rural, non gozaba desas vantaxes.

O clero acaparaba máis da metade da riqueza agraria. O clero regular, os mosteiros, obtiñan case todos os seus ingresos a través dos foros que gravaban as súas enormes extensións de terras (Samos, Oseira, San Martiño Pinario...). O clero secular, mitras, cabidos e parroquias, ademais de ter tamén rendas forais, recibían grandes cantidades en concepto de décimos, primicias, votos, misas e diversos oficios relixiosos.

A fidalguía intermediaria detraía para si un terzo dos ingresos de procedencia agraria. A súa fortuna era mediana por mor do seu número: uns 10.000 a mediados do século XVIII. **Convertéronse no grupo central da sociedade galega**, grazas á súa presenza ubicua en todo o territorio, os seus estreitos vínculos familiares co alto clero, o seu cuase monopolio das elites ilustradas e o seu control sobre os concellos urbanos e sobre a Xunta do Reino de Galicia.

Os ingresos destes dous grupos de privilexiados non se destinaban á modernización económica da agricultura, do comercio ou da industria, senón que os eclesiásticos os gastaban no autoconsumo, nas esmolas e obras benéficas e, cando podían, na construción suntuaria e os fidalgos, no propio sostemento e en pagar estudos dos fillos. Uns e outros dedicaban unha parte non desprezable do seu peculio aos numerosos e inacabables preitos sobre a titularidade de rendas e terras.

O campesiñado era o grupo social máis numeroso: o 80 % da poboación. Obtiña en anos normais o xusto para sobrevivir e seguir traballando, agás unha delgada capa de labregos acomodados. Cando había malas colleitas chegaban as fames e as débedas. A súa soterrada resistencia contra rendas e impostos ás veces estoupaba en motíns, como o de 1673 no concello de Refoxos contra o mosteiro de Celanova polo aumento da renda dos foros.

En suma, era un **sistema orientado ao estancamento**, que bloqueaba as vías do desenvolvemento económico.